

www.fundacionsofeloblanco.org

fundación  
gotelo blanco

EXPOSICIÓN

# o afiador e o seu oficio

Colección de rodas de  
Florencio de Arboiro

Horario de visitas: laborables de 9:00 a 14:00 horas



San Marcos 77 • 15820 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 582 571 • Fax: 981 587 290

DO 13 DE ABRIL AO 24 XUÑO  
2007

colabora:



## O afiador e o seu oficio

A Fundación Sotelo Blanco presenta unha exposición sobre un dos oficios máis característicos do mundo rural galego, particularmente do norte da provincia de Ourense. Mestura de saber técnico e oficio itinerante, a ocupación dos afiadores galegos levounos polo mundo adiante exercendo unha peculiar forma de emigración estacional.

Temos constancia da existencia de afiadores ambulantes galegos desde hai tres séculos. É, pois, un oficio vello que resistiu as inclemencias da historia grazas á tenacidade destes homes curtidos nas máis duras condicións laborais, familiares e persoais.

A modalidade máis utilizada ao longo dos tempos foi a roda, primeiro transportada ás costas do afiador e, máis tarde, tirada ou esburriada polo mesmo. Foi na segunda metade do século XX cando a emblemática tarazana foi substituída por enxeños máis modernos, como a bicicleta ou a moto equipadas coa montura do afiador.

As novas tendencias económicas que implantaron a cultura do «usar e tirar» deixaron sen sentido o traballo dos afiadores que, pouco a pouco, foron desaparecendo das rúas, camiños e estradas, aínda que, malia a presión dos novos tempos, algún aínda exerce con mestría o vello oficio de salvar coitelos, navallas, tesoiras e outros instrumentos de corte.

## A exposición e o coleccionista

Sen ningunha dúbida, a colección de Florencio de Arboiro é unha das máis completas escolmas de rodas e utensilios do oficio do afiador. Pero, ademais, Florencio é un escultor que traballa con diferentes materiais da terra: raíces, pedras e bronce únense para configurar unha obra que se mergulla na tradición temática para ofrecer un resultado radicalmente contemporáneo.

Xa que logo, esta exposición recolle tanto tarazanas e diversas pezas do oficio do afiador como esculturas de Florencio que recrean a vida, os costumes e os padecementos destes homes infatigables.

Florencio Martínez Vázquez, escultor e coleccionista, colecta e restaura rodas e outros útiles de profesións tradicionais. Posúe máis de cento cincuenta tarazanas, algunha do século XIX, e garda memoria de biografías de centos de afiadores e as súas series de esculturas de afiadores (entre outras temáticas) completan tan prezado patrimonio. Realizou espléndidas exposicións como *Detrás da roda* (1995) ou *Afiadores polo mundo* (1999).

A presente exposición (*O afiador e o seu oficio*) será trasladada ao Parador Nacional de Santo Estevo (Nogueira de Ramuín, Ourense) tras o seu paso pola Fundación Sotelo Blanco de Santiago de Compostela.

